

Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANXENXO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE FOMENTO DA CONVIVENCIA CIDADÁ

ANUNCIO

Aos efectos de cumprimentar o disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local se publica íntegro o texto da “ORDENANZA MUNICIPAL DE FOMENTO DA CONVIVENCIA CIDADÁ” unha vez aprobada definitivamente por non terse presentado ningunha reclamación á aprobación inicial.

ORDENANZA MUNICIPAL DE FOMENTO DA CONVIVENCIA CIDADÁ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A salvagarda da convivencia cidadá mediante a aprobación da presente Ordenanza Municipal co texto que se acompaña é unha preocupación que debe transcender dos formalismos para converterse nunha ferramenta eficaz para disuadir actuacións molestas e impoñer a regulación establecida, coa proporcionalidade e as garantías legais propias dun Estado de Dereito, concretamente nesta materia pártese do disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Bases do Réxime Local, respecto da potestade regulamentaria das entidades locais e da Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

Dentro do citado marco normativo, o pretendido por esta ordenanza é conseguir un afianzamento da convivencia e do respecto entre cidadáns, garantindo o dereito ao descanso e ao desfrute dos espazos públicos, mediante a adopción de medidas que garantan unha adecuada proporcionalidade na potestade disuasoria e das infraccións e sancións que se tipifican.

É coñecido o especial carácter deste Concello por ser centro de atracción turístico e polo tanto estar marcado por unha grande cantidade de persoas que se engaden ás que durante todo o ano viven no concello, xerando unha gran actividade de todo tipo que fai moi necesario adoptar medidas para que se poida conseguir un marco adecuado de convivencia para todos, o que redundará en beneficio dos veciños e dos que se acerquen ao concello, complementando as xa existentes e que se manteñen en vigor, tanto na Ordenanza pola que se regulan as medidas da normal convivencia e o lecer, con especial atención á resolución da problemática do consumo de bebidas alcohólicas nas vías e lugares públicos, como na Ordenanza de protección contra a contaminación acústica.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

Na elaboración desta ordenanza seguiuuse o procedemento estipulado coas publicacións previstas a efectos de que se fixeran as alegacións que se consideraran oportunas e o resultado é o texto que a continuación se expresa.

TÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.-Obxecto

Esta Ordenanza ten por obxecto:

- a) Fomentar as condutas cívicas previndo actuacións perturbadoras da convivencia cidadá.
- b) Protexer os bens e espazos públicos e todas as instalacións e elementos que forman parte do patrimonio urbanístico e arquitectónico do concello fronte ás agresións, alteracións e usos ilícitos de que poidan ser obxecto.
- c) Corrixir as actuacións contrarias aos valores cívicos mediante a potestade sancionadora.
- d) As medidas de protección refírense aos bens de servizo de uso público de titularidade municipal, tales como rúas, prazas, parques e xardíns, paseos, pontes e pasarelas, túneles e pasos subterráneos, aparcamentos, fontes, edificios, mercados, museos e centros culturais, colexios, cemiterios, instalacións deportivas, complexos deportivos, estatuas e esculturas, bancos, farois, elementos decorativos, sinais viarias, árbores e plantas, contedores e papeleiras, valados, elementos de transporte e vehículos municipais e demais bens da mesma ou semellante natureza.

En canto ao ornato público estarán comprendidos nas medidas de protección de esta ordenanza os bens e instalacións de titularidade de outras Administracións Públicas e entidades públicas ou privadas que formen parte do mobiliario urbano do concello de Sanxenxo que estean destinadas ao público ou constitúan equipamentos, instalacións ou elementos dun servizo público, tales como marquesiñas, elementos do transporte, farois, estatuas, valados, carteis, anuncios e outros elementos publicitarios, sinais de tráfico, quioscos, contedores, terrazas e veladores, toldos, xardineiras, máquinas expendedoras de obxectos e demais bens da mesma ou semellante natureza.

As medidas de protección contempladas na ordenanza alcanzan en canto forman parte do patrimonio e a paisaxe urbana que debe manterse en adecuadas condicións de ornato publico ás fachadas dos edificios e outros elementos urbanísticos e arquitectónicos, infraestruturas útiles ou instalacións de titularidade pública ou privada, tales como portais, galerías comerciais, patios solares, pasaxes, xardíns, setos, xardineiras, farois, elementos decorativos contedores e bens da mesma ou semellante natureza, sempre que estean situados na vía pública ou sexan visibles desde ela e sen prexuízo dos dereitos que individualmente corresponden aos propietarios.

Artigo 2.-Ámbito de aplicación

1.-A presente Ordenanza é de aplicación en todo o término municipal de Sanxenxo.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

2.-As medidas de protección de competencia municipal previstas en esta ordenanza enténdense sen prexuízo dos dereitos, facultades e deberes que corresponden aos propietarios dos bens afectados e das competencias de outras Administracións Públicas e dos Xuíces e Tribunais de Xustiza reguladas polas leis.

TÍTULO II.-FOMENTO DA CONVIVENCIA E CIVISMO

Artigo 3.-Disposicións xerais

O Concello levará a cabo, no exercicio de súas competencias, a tarefa de concienciación dos cidadáns no correcto uso dos espazos comúns do concello e na preservación do entorno urbano, con fin de conseguir que as condutas e actitudes de das persoas se adecúen ás actitudes básicas de convivencia co obxectivo de garantir o civismo e de mellorar, en consecuencia, a calidade de vida dos cidadáns no espazo público.

Artigo 4.-Actuacións e medidas de concienciación

O Concello procurará difundir e fomentar os valores e conductas cívicas mediante campañas divulgativas dirixidas a toda a poboación ou a sectores específicos desta.

O nivel de referencia será sempre o respecto á liberdade constitucional de cada persoa, pero establecendo o límite do respecto aos dereitos e valores dos demais e a preservación e conservación dos bens públicos de tal xeito que poidan ser utilizados por todos.

Facilitarase que os cidadáns poidan facer chegar ao Concello, a través da sede electrónica do Concello ou da portal web municipal, así como calquera outro sistema que se determine, as suxestións, queixas, reclamacións ou peticións que consideren oportunas para mellorar o civismo e a convivencia e manter o espazo público en condicións axeitadas. Realizará e/ou impulsará, dentro da súa competencia, actuacións educativas e de formación especialmente destinadas a nenos e nenas, adolescentes e mozos do concello.

Estas políticas de fomento da convivencia e civismo poderán consistir na celebración de conferencias, mesas redondas, convocatoria de premios e concursos literarios, relatos breves ou concursos fotográficos de denuncia e/ou recoñecemento de boas prácticas cívicas e ademais iniciativas que se consideren convenientes e que xiren en torno a cuestións relacionadas coa convivencia e o civismo en Sanxenxo.

Estimularase o comportamento solidario das persoas nos espazos públicos para que presten axuda ás persoas que a necesiten para transitar ou orientarse, que sufriran accidentes ou que se atopen en condicións delicadas.

Fomentarase tamén outras actitudes de solidariedade que contribúan a que o concello sexa mais amable e acolledor especialmente coas persoas que mais o precisan.

Fomentarase o embelecemento dos espazos públicos e a mellora do medio ambiente.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

Artigo 5.-Convenios de colaboración

O Concello poderá formalizar convenios de colaboración tanto con outras Administracións ou institucións públicas como con entidades privadas, asociacións de veciños e colectivos en xeral, que fomenten tanto a concienciación cívica como a formación, a educación e o fortalecemento de valores, e potencien actuacións cívicas de índole cultural, deportiva e de ocio nos espazos públicos.

TÍTULO III.-COMPORTAMENTO CIDADÁ
*Capítulo I.-Disposicións Xerais**Artigo 6.-Principios de comportamento cidadá*

1.-Os cidadáns teñen a obriga de respectar a convivencia cidadá e o deber de usar os bens e servizos públicos conforme a seu uso e destino, respectando o dereito do resto dos cidadáns a seu disfrute, así como á tranquilidade cidadá. Quedan prohibidas, nos termos establecidos nesta Ordenanza, os comportamentos que alteren a convivencia cidadá, ocasionen molestias ou falten ao respecto debido ás persoas.

2.-Os veciños e veciñas teñen dereito a utilizar libremente a rúa e os espazos públicos do concello e han de ser respectados na súa liberdade. Este dereito, que debe ser exercido con civismo, está limitado polas disposicións sobre o uso dos bens públicos e polo deber de respectar a outras persoas e aos bens privados.

3.-Toda persoa se absterá particularmente de realizar prácticas abusivas, arbitrarias ou discriminatorias ou que conleven violencia física ou coacción moral, psicolóxica ou de outro tipo.

4.-É un deber básico de convivencia cidadá tratar con respecto, atención e consideración especial a aquelas persoas que, polas súas circunstancias persoais, sociais ou de calquera outra índole, mais o precisen.

5.-Todas as persoas ou ocupantes de inmobles, edificios, construcións, instalacións, vehículos ou outros bens de titularidade privada están obrigados a evitar que desde estes, poidan producirse conductas ou actividades que causen molestias innecesarias ás demais persoas.

6.-Todos os cidadáns que encontren nenos/as ou persoas con discapacidade extraviadas ou persoas en situación de evidente estado de anomalía física ou psíquica deben poñelo en coñecemento dos axentes da autoridade, os cales faranse cargo da súa protección e restitución aos responsables de súa tutela.

7.-Todas as persoas que se atopen en Sanxenxo teñen o deber de colaborar coas autoridades municipais ou seus axentes na erradicación das conductas que alteren, perturben ou lesionen a convivencia cidadá.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

*Capítulo II.-Deterioro e danos nos bens**Artigo 7.-Deterioro dos bens*

Non poderá realizarse ningunha actuación sobre os bens protexidos por esta Ordenanza que sexa contraria a seu uso ou destino e conleve seu deterioro ou degradación ou menoscabe a súa estética, nos termos establecidos no artigo un.

Artigo 8.-Grafismos, pintadas e outras expresións gráficas

1.-A regulación contida neste artigo fundaméntase no dereito para gozar da paisaxe urbana do concello, indisociable do correlativo deber de mantelo en condicións de limpeza, pulcritude e decoro.

2.-Prohíbense os grafismos, as pintadas, escritos, inscricións e outras condutas que ensucian, afean e non só devalúan o patrimonio público ou privado e poñen de manifesto a súa deterioración, senón que principalmente provocan unha degradación visual da contorna que afecta á calidade de vida dos veciños e visitantes, salvo que conte con autorización municipal expresa e sempre nos espazos habilitados para o efecto.

3.-O deber de absterse de ensuciar, manchar e deslucir a contorna atopa o seu fundamento en evitar a contaminación visual e é independente e, por tanto, compatible coas infraccións, incluídas as penais, baseadas na protección do patrimonio, tanto público como privado.

4.-Prohíbese rachar, arrincar e tirar á vía pública carteis, anuncios, pancartas ou obxectos similares.

5.-Os axentes da autoridade poderán retirar ou intervir os materiais ou utensilios empregados cando as actuacións realícense sen a preceptiva autorización municipal.

6.-Cando un edificio público ou elemento do mobiliario urbano fose obxecto de pintadas, colocación de papeis, raiado ou rotura de cristais, pegado de carteis ou calquera outro acto que o deteriore, o Concello esixirá á persoa, empresa ou entidade responsable o custo das correspondentes indemnizacións e das facturas de limpeza, reposición e acondicionamento ou restauración ao seu anterior estado á marxe da sanción que corresponda.

Artigo 9.-Parques e xardíns públicos. Árbores e plantas

1.-É unha obriga de todos os cidadáns respectar os parques e xardíns do municipio, así como calquera outra zona verde de uso ou dominio público.

2.-Prohíbese tallar, romper e zarandear as árbores, cortar ramas e follas, gravar ou raspar a súa cortiza, fixar ou suxeitar neles calquera elemento sen autorización municipal, verter toda clase de líquidos, aínda que non fosen prexudiciais e arroxar ou esporexer lixos, cascallos e residuos nas proximidades das árbores, plantas e alcorques situados na vía pública ou en parques e xardíns, así como en espazos privados visibles desde a vía pública.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

3.-Para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais de parques, xardíns, xardineiras e árbores plantadas na vía ou lugares públicos, quedan prohibidos os seguintes actos:

- a) A substracción, arrincado ou dano a flores ou plantas.
- b) Danar o céspede, acampar sobre el, excepto en espazos dos parques en que expresamente se autorice.
- c) Utilizar vehículos de motor e ciclomotores en prazas, parques, xardíns e pasarelas.
- d) Amorear, aínda de forma transitoria, materiais de obra sobre calquera das árbores ou verter neles calquera clase de produtos tóxicos.
- e) Arrojar nas zonas verdes, residuos, pedras, grava o calquera outro produto que poidan danalas ou atentar a súa estética e bo gusto, especialmente botellas, vasos, recipientes, bolsas e envoltorios de calquera tipo.
- f) Deixar excrementos sobre o céspede, xardíns, prazas, beirarrúas, rúas e demais elementos análogos da vía pública. Así como transitar con animais soltos.
- g) Acender lumes ou fogueiras nos parques e xardíns, sen autorización municipal, e conforme ao establecido na normativa sobre incendios regulada pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 10.- Papeleiras e contedores

1.-Está prohibida toda manipulación das papeleiras ou contedores situados nas vías ou espazos públicos que provoque danos, deteriore a súa estética ou entorpeza o seu uso, o desprazamento do lugar asignado pola Administración municipal, arrincalos, incendialos, envorcalos ou baleirar o seu contido no chan, facer inscricións ou adherirllas papeis ou adhesivos.

2.-Os residuos sólidos de pequeno volume tales como cascas de pipas, chicles, papeis, envoltorios e similares deben depositarse nas correspondentes papeleiras.

3.-Prohíbese deixar nas papeleiras materiais, instrumentos ou obxectos perigosos como: animais e restos de animais, ou pequenos residuos sólidos acesos e calquera outra materia inflamable.

4.-As cabichas de cigarros ou similares, previamente apagadas, depositaranse nas papeleiras.

5.-Os cidadáns teñen a obrigaçión de depositar os residuos sólidos urbanos nas papeleiras e contedores correspondentes, de forma que:

- a) Será obrigatorio depositar os residuos nos contedores correspondentes en bolsas pechadas.
- b) Queda prohibido extraer e espaxer os residuos depositados nas papeleiras ou contedores.
- c) Queda expresamente prohibido depositar ou abandonar calquera obxecto de vidro, íntegro ou roto nos espazos de uso público.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

Artigo 11.-Fontes

Queda prohibido realizar calquera manipulación nas instalacións ou elementos das fontes, lavar calquera obxecto, abeberar e bañar animais, ou practicar xogos dentro das mesmas. Así mesmo límitase o baño dentro das fontes públicas a supostos excepcionais, que non supoñan alteración grave da orde pública, para a celebración de eventos de especial consideración.

*Capítulo III.-Carteis, pancartas e similares**Artigo 12.-Publicidade: carteis, pancartas e bandeirolas*

A publicidade exterior en calquera soporte e calquera que sexan as súas características ou finalidades, poderá instalarse nos lugares especialmente habilitados para ese fin, suxeitándose en canto ás súas determinacións ao establecido no Regulamento de Protección do Medio Ambiente, de Limpeza Pública e de Recollida de lixo do Concello de Sanxenxo.

*Capítulo IV.-Outras condutas que perturban a convivencia cidadá**Artigo 13.-Actuacións contrarias ao uso normal da vía ou espazos públicos*

1.-Os veciños utilizarán as vías ou espazos públicos conforme ao seu destino e non poderán, salvo nos casos legalmente previstos e autorizados, impedir ou dificultar deliberadamente o normal tránsito peonil ou de vehículos polos lugares habilitados para o efecto.

2.-Prohíbese a práctica na vía pública ou espazos públicos de actividades sexa cal fora súa natureza cando obstrúan ou poidan obstruír o tráfico rodado pola vía pública, poñan en perigo a seguridade das persoas ou impidan de maneira manifesta o seu libre tránsito polas beirarrúas, prazas, parques, pasaxes, avenidas ou outros espazos públicos, así como as que perturben a normal convivencia e descanso dos veciños. Non será aplicable esta prohibición nos casos en que se obtivo autorización previa ou se trate de lugares especialmente habilitados ou dedicados á realización de tales actividades.

3.-Non pode efectuarse nos espazos públicos calquera tipo de instalación ou colocación de ningún elemento sen a pertinente autorización municipal.

4.-Os propietarios de animais de compañía deberán observar, respecto de súas mascotas, as normas mínimas de seguridade e hixiene, en especial o relativo a defecacións na vía pública, conforme ao establecido no Regulamento de Protección do Medio Ambiente, de Limpeza Pública e de Recollida de lixo do Concello de Sanxenxo e, no seu caso, á normativa autonómica, a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

5.-Prohíbese expresamente circular con vehículos de mobilidade persoal, isto é, patinetes ou similares en todo o termo municipal salvo nos carrís bici habilitados para o efecto.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

6.-Prohíbese a práctica de xogos en espazos públicos que, pola súa natureza, poidan causar molestias aos veciños e peóns. En especial, prohíbese a práctica de xogos con instrumentos ou con obxectos que poidan poñer en perigo a integridade física dos usuarios de espazos públicos, de bens, servizos ou instalacións, tanto públicos como privados.

7.-Está estritamente prohibida a práctica de acrobacias e xogos de habilidade con monopatíns fóra das áreas destinadas para o efecto, así como a utilización de calquera elemento ou instalación do mobiliario urbano para as mencionadas prácticas.

8.-Está prohibido nos espazos públicos o ofrecemento e a práctica de xogos que comporten apostas con diñeiro ou bens, salvo autorización específica.

9.-Prohíbese transitar ou permanecer espido/a de maneira integral ou parcial polos espazos públicos e/ou vías públicas, salvo zonas acoutadas nas que medie autorización.

10.-Prohíbese transitar ou permanecer nos espazos públicos e/ou vías públicas, con vestimentas que non cubran os órganos xenitais, salvo que medie autorización. Quedan prohibidos igualmente os comportamentos e actitudes realizados por grupos de persoas que, con motivo de despedidas de solteiro/a ou outras celebracións, provoquen a alteración da convivencia cidadá ou a orde pública.

11.-Está prohibido transitar ou permanecer polos espazos públicos, e/ou vías públicas con vestimentas, vestimentas ou disfraces, que teñan inequívoco contido sexual, xenófobo, racista, ou homófobo. Excepto en datas ou en eventos autorizados como os Entroidos.

12.-Utilizar e/ou poñer en funcionamento na vía pública calquera aparello de amplificación e reprodución do son ou da imaxe, así como megáfonos ou elementos similares, salvo que se atope expresamente autorizado ou formen parte do exercicio da liberdade de información e expresión na súa vertente individual ou colectiva en forma de concentracións, manifestacións ou outras formas amparadas polo dereito de reunión. Non será aplicable este precepto ás persoas que utilicen instrumentos musicais na vía pública, que se rexerán polas súas determinacións específicas.

Artigo 14.-Actividades contrarias ao uso adecuado dos servizos públicos

Queda prohibido calquera comportamento que supoña a utilización inadecuada dos servizos públicos e, especialmente, cando implique a mobilización dos servizos de urxencia.

Artigo 15.-Fogos e festexos

Queda prohibido, acender ou manter lume así como portar mechas acesas, o uso de petardos, foguetes e bengalas ou outros artigos pirotécnicos nos espazos de uso público, sen autorización municipal, e sen prexuízo do establecido na normativa sobre incendios regulada pola Comunidade Autónoma de Galicia.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

Artigo 16.-Fumes e cheiros

Todos os cidadáns absteranse de desenvolver actividades nos espazos públicos ou outros non autorizados con repercusión neles, que orixinen fumes, cheiros ou levantamento de po que perturben a tranquilidade ou resulten contrarios á salubridade pública.

Artigo 17.-Residuos e lixos

Sen prexuízo do establecido na norma específica, queda prohibida calquera actividade ou operación non autorizada que poida ensuciar as vías e espazos de uso público incluídos solares, leiras sen valar, praias, beiras e canles fluviais, especialmente o abandono de residuos botellas, vasos, recipientes, bolsas e envoltorios de calquera tipo.

Prohíbese especificamente:

- a) O lavado de automóviles, a súa reparación ou engraxamento nas devanditas vías e espazos salvo concorrencia de forza maior.
- b) A vertedura de cabichas de tabaco, envoltorios, chicles e refugallos sólidos ou líquidos.
- c) A rotura de botellas.
- d) O depósito de lixos á beira de contedores ou papeleiras, cando estas atópanse baleiras e outros actos similares.
- e) Sacudir alfombras, esterillas ou calquera outro elemento na vía pública desde unha xanela, balcón ou terraza que de sobre ela.

Artigo 18.-Necesidades fisiolóxicas

- 1) Está prohibido facer necesidades fisiolóxicas, como cuspir, ouriñar, defecar ou facer outras necesidades nas vías públicas e nos espazos de uso público.
- 2) Considerarase agravada a conduta descrita no apartado anterior cando se realice en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentada por menores, ou cando se faga en monumentos ou edificios protexidos.

Artigo 19.-Conduitas ou ofrecemento de bens sen autorización

- 1) Prohíbese o exercicio na vía ou espazos de uso público de actividades tales como a limpeza de parabrisas, os aparcacoches non autorizados ou outros comportamentos de análoga natureza.
- 2) Prohíbense con carácter xeral, aquelas condutas que adoptan formas de mendicidade exercidas de forma insistente.
- 3) Prohíbese o ofrecemento de bens, obxectos ou servizos a cambio de diñeiro.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

Artigo 20.-Peditorios e Mesas Informativas

Constituirá infracción administrativa a realización de peditorios e colocación de mesas informativas que dificulten o libre tránsito dos cidadáns, sen prexuízo da necesaria solicitude e obtención de autorización municipal, para a ocupación de dominio público que corresponda.

Artigo 21.-Establecementos públicos

1) Os propietarios ou titulares de establecementos de pública concorrencia, ademais da observancia doutras disposicións, procurarán evitar actos incívicos ou molestos dos clientes á entrada ou saída dos locais.

2) Cando non poidan evitar tales condutas, deberán de avisar aos servizos de policía para manter a orde e a convivencia cidadá, colaborando en todo momento cos axentes que interviñeren.

Artigo 22.-Actos públicos

Sen prexuízo da normativa específica para o efecto e das autorizacións pertinentes, os organizadores de actos públicos, son responsables da suciedade ou deterioración de elementos urbanos ou arquitectónicos que se produza nos espazos utilizados e están obrigados á súa reparación ou reposición.

TÍTULO IV.-RÉXIME SANCIONADOR*Artigo 23.-Disposicións xerais*

1) Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións contrarias ás prohibicións e obrigacións establecidas nesta Ordenanza.

2) A imposición de sancións axustarase ao procedemento legal e regulamentariamente establecido para o exercicio da potestade sancionadora.

3) Cando o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador tivese coñecemento de que os feitos, ademais de poder constituír infracción administrativa puidesen ser constitutivos dunha infracción penal, comunicarao ao órgano xudicial competente, absténdose de proseguir o procedemento sancionador unha vez incoado, mentres a autoridade xudicial non se pronunciou. Durante o tempo que estivese en suspenso o procedemento sancionador, entenderase suspendido tanto o prazo de prescrición da infracción como a caducidade do propio procedemento.

4) Corresponde aos Axentes da Policía Local a vixilancia do cumprimento do disposto na presente ordenanza. A potestade sancionadora corresponde ao Alcalde, sen prexuízo da delegación do seu exercicio na Concellería da área correspondente.

5) A Policía Local está facultada para investigar, inspeccionar e controlar todo tipo de locais e instalacións a efectos de verificar o cumprimento polos seus titulares das limitacións e prohibicións establecidas nesta Ordenanza.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

Artigo 24.-Clasificación das infraccións

As infraccións ao establecido nesta Ordenanza, sexan accións ou omisións, terán a consideración de moi graves, graves ou leves.

Artigo 25.-Infraccións moi graves

a) Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes á normativa aplicable, segundo establécese o artigo 140.1 a) da LBRL, da salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no Capítulo V da Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.

b) O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización. En todo caso constituirá infracción impedir sen autorización deliberada e gravemente, o normal tránsito peonil ou de vehículos polos lugares habilitados para o efecto.

c) O impedimento ao normal funcionamento dun servizo público.

d) Romper, incendiar, arrincar ou deteriorar equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público, así como o mobiliario urbano.

e) Romper, arrincar, realizar pintadas ou causar danos na sinalización pública que impidan ou dificulten a súa visión ou comprensión.

f) Romper, arrincar, tallar ou inutilizar as árbores situadas na vía pública e nos parques e xardíns.

g) Provocar deliberadamente o apagado de calquera sistema de iluminación pública.

h) Incendiar contedores de lixo, cascallos ou desperdicios.

i) A reiteración de tres ou máis infraccións graves no transcurso dun ano.

j) Realizar pintadas, grafismos ou murais, en calquera dos bens públicos ou espazos públicos sen autorización municipal que, polo seu tamaño ou soporte no que realicen produzan unha alteración relevante do concello.

Artigo 26.-Infraccións graves

a) Perturbar gravemente a normal convivencia cidadá mediante actos que incidan na tranquilidade e descanso dos veciños ou no exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, no normal desenvolvemento de actividades de toda clase conforme á normativa aplicable, sempre que se trate de condutas non tipificadas na lexislación sobre protección da seguridade cidadá.

b) Perturbar gravemente o uso dun servizo público ou dun espazo público por parte das persoas con dereito á súa utilización.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

- c) Perturbar gravemente o normal funcionamento dos servizos públicos.
- d) Deteriorar gravemente os bens dun servizo ou un espazo público.
- e) Dificultar deliberadamente o normal tránsito peonil ou de vehículos polos lugares habilitados para o efecto.
- f) A reiteración de tres ou máis infraccións leves no transcurso dun ano.
- g) Realizar pintadas, grafismos ou murais, en calquera dos bens públicos ou en espazos públicos e/ou vías públicas, ou en espazos privados visibles desde espazos públicos e/ou vías públicas sen autorización municipal que, polo seu tamaño ou soporte no que realicen produzan unha alteración grave do concello.
- h) Realizar necesidades fisiolóxicas, como cuspir, ouriñar, defecar, ou outras en espazos e vías públicas.
- i) Transitar ou permanecer nos espazos públicos e/ou vías públicas, con vestimentas que non cubran os órganos xenitais e zona dos glúteos, salvo que medie autorización.
- j) Transitar ou permanecer polos espazos públicos e/ou vías públicas con vestimentas, vestimentas ou disfraces, nos termos concretos recollidos no Art. 13 punto 10.

Artigo 27.-Infracciones leves

- a) Perturbar levemente a normal convivencia cidadá mediante actos que incidan na tranquilidade e descanso dos veciños ou no exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, no normal desenvolvemento de actividades de toda clase conforme á normativa aplicable, sempre que se trate de condutas non tipificadas na lexislación sobre protección da seguridade cidadá.
- b) Perturbar levemente o uso dun servizo público ou dun espazo público por parte das persoas con dereito á súa utilización.
- c) Portar mechas acesas, aparellos pirotécnicos ou disparar petardos, foguetes ou similares sen autorización.
- d) Colocar calquera elemento nos espazos públicos sen autorización.
- e) Lavar ou reparar coches nos espazos públicos.
- f) Perturbar levemente o normal funcionamento dos servizos públicos.
- g) Bañarse en fontes ou estanques públicos.
- h) Deteriorar levemente os bens dun servizo ou un espazo público.
- i) Realizar pintadas, grafismos ou murais en calquera bens públicos ou en espazos públicos e/ou vías públicas, ou en espazos privados visibles desde espazos públicos e/ou vías públicas sen autorización municipal que, polo seu tamaño ou soporte no que realicen produzan unha alteración leve do concello.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

j) Causar danos en árbores, plantas e xardíns públicos.

k) Arrojar ou deixar lixo ou calquera elemento na vía pública.

l) As accións e omisións contrarias ao establecido nesta Ordenanza que non fosen tipificadas nos artigos anteriores.

m) Utilizar e/ou poñer en funcionamento na vía pública calquera aparello de amplificación e reprodución do son ou da imaxe, así como megáfonos ou elementos similares, carecendo da oportuna autorización.

Artigo 28.-Sancións

As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 401 ata 600 €.

As infraccións graves serán sancionadas con multa de 201 ata 400 €.

As infraccións leves serán sancionadas con multa de 50 ata 200 €.

Artigo 29.-Prescrición

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

Artigo 30.-Reparación de danos

1) A imposición das sancións correspondentes previstas nesta Ordenanza será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario así como a indemnización dos danos e prexuízos causados.

2) Cando devanditos danos e prexuízos prodúzanse en bens de titularidade municipal, o Concello, previa taxación polos servizos técnicos competentes, determinará o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el ao seu pago no prazo que se estableza.

Artigo 31.-Persoas responsables

1) Serán responsables directos das infraccións a esta Ordenanza os seus autores materiais, excepto nos supostos en que sexan menores de idade ou concorran neles algunha causa legal de inimputabilidade, nese caso estarase ao establecido na normativa civil.

2) Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas conxuntamente, responderán todas elas dos danos ocasionados de forma solidaria.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

Artigo 32.-Graduación das sancións

A imposición das sancións previstas nesta ordenanza guiarase pola aplicación do principio de proporcionalidade e, en todo caso, teranse en conta os criterios de gradación seguintes:

- a) A relevancia ou transcendencia social dos feitos.
- b) A existencia de intencionalidade.
- c) A natureza e gravidade dos danos e prexuízos causados.
- d) A reincidencia, por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma gravidade, cando así fose declarado por resolución firme.
- e) A reiteración, por comisión no prazo dun ano dunha infracción de maior gravidade ou dúas de gravidade igual ou inferior, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 33.-Procedemento sancionador

A tramitación e resolución do procedemento sancionador axustarase ao establecido na lexislación xeral sobre o exercicio da potestade sancionadora.

TÍTULO V.-REINSERCIÓN SOCIAL*Artigo 34.-Medidas de Reinserción Social*

1) Unha vez recaída Resolución do Procedemento sancionador, o sancionado poderá solicitar ante o Concello de Sanxenxo, a substitución da sanción imposta por medidas de reinserción social, consistentes en tarefas ou labores para a comunidade, de natureza e alcance adecuados e proporcionados á gravidade da infracción.

2) Esta opción ofrécese como un medio de rehabilitación dos infractores, por iso aplicarase cando así se decida pola Administración Municipal, de forma discrecional en atención aos feitos, e exclusivamente nos supostos de sancións impostas por infraccións cualificadas como leves por medio de Ordenanza.

3) A substitución da sanción imposta por unha medida de reinserción social, non exclúe, en ningún caso, a obrigação do infractor de reparar o dano ocasionado.

Artigo 35.-Procedemento das Medidas de Reinserción Social

A Solicitud de substitución da sanción imposta por unha medida de reinserción social, deberá ser presentada polo sancionado nos rexistros legalmente habilitados ou sede electrónica do Concello de Sanxenxo nun prazo máximo de 10 días, a contar desde a notificación da resolución de sanción, debendo incluír en todo caso a solicitude, unha declaración de aceptación dos feitos realizados e da sanción correspondente aos mesmos.



Venres, 10 de xullo de 2020

Núm. 131

Posteriormente a Administración Municipal decidirá, de forma discrecional, sobre a aceptación ou non da solicitude de substitución da sanción pola medida de reinserción social.

No suposto de non aceptación da solicitude de substitución, o sancionado deberá cumprir os termos marcados na Resolución do procedemento sancionador, podendo interpoñer os recursos que procedan, conforme ao establecido na normativa vixente.

No suposto de aceptación da solicitude, a Administración Municipal comunicará ao sancionado o tipo de prestación substitutoria que debe realizar, a cal se achará encamiñada preferentemente á realización de traballos en beneficio do resto da comunidade, dirixidos a xerar condutas cívicas e a reparar os danos causados. Efectuada a solicitude polo sancionado, quedará interrompido o prazo para interpoñer recursos, debendo o Concello de Sanxenxo, notificar ao sancionado a substitución ou non da sanción, e no seu caso, as medidas de reinserción social ou prestación substitutoria que deberá realizar.

O Concello finalizará o procedemento fixando no acto resolutorio tanto a prestación que haberá de realizar o infractor, como no suposto de inadmisión da solicitude de substitución, o importe da sanción.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Entenderanse derogadas cantas determinacións establézanse noutras Ordenanzas Municipais, que resulten desconformes coa presente Ordenanza. No que non resulte contradictorio, o resto de Ordenanzas Municipais aplicaranse con carácter supletorio, facendo constar expresamente que quedan en vigor a Ordenanza pola que se regulan as medidas da normal convivencia e o lecer nas vías e outros lugares públicos do Concello de Sanxenxo, así como a Ordenanza de protección contra a contaminación acústica.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o texto íntegro da “ORDENANZA MUNICIPAL DE FOMENTO DA CONVIVENCIA CIDADÁ”, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no Artigo 65.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Sanxenxo,
O alcalde,
Telmo Martín González
(sinatura dixital)

